

MEMORIA SOCIAL 2023



ÍNDICE

03

PRESENTACIÓN

33

CREACIÓN E
CONSOLIDACIÓN

04

MISIÓN, VISIÓN E
VALORES

56

AUDITORÍA SOCIAL

05

AS SOCIAS EN CIFRAS

58

ESTRUCTURA SOCIAL E
TÉCNICA

08

REPRESENTACIÓN E
INFLUENCIA POLÍTICA

60

COMUNICACIÓN

27

DIVULGACIÓN E
PROMOCIÓN
COOPERATIVA

66


BASE SOCIAL:
COOPERATIVAS
SOCIAS

PRESENTACIÓN

A memoria de 2023 que vos presentamos permite por en valor a nosa organización, e é unha forma de comunicar ás cooperativas, á cidadanía e a toda a sociedade, que se fai?.

A **Unión de Cooperativas EspazoCoop** é unha asociación de carácter empresarial, multisectorial, e sen ánimo de lucro, que actúa en Galicia. Integra a cooperativas galegas de distintos tipos (traballo asociado, ensino, consumo, servizos ...), e inspírase nos principios e valores do movemento cooperativo e da economía social e solidaria. A Unión, fai parte do movemento cooperativo galego, é entidade de referencia na comunidade, e isto permite que esté nas organizacións estatais e internacionais, onde representa ás cooperativas e potencia o cooperativismo. Ademais, ten vocación de influír na sociedade e de contribuír aos cambios sociais, porque as cooperativas son un modelo óptimo para o desenvolvemento socioeconómico dos territorios e para realizar tanto proxectos profesionais como doutro tipo.

EspazoCoop colabora e traballa para consolidar a economía cooperativa, a que pon no centro ás persoas, a democracia, a participación, a colaboración, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.



MISIÓN, VISIÓN, VALORES

Misión

A unión de cooperativas é unha entidade de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, que está integrada por cooperativas de distintas clases e multisectorial, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxectivo, agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación, e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.


Visión

EspazoCoop aspira a ser a entidade de referencia no ámbito do cooperativismo galego, no marco da economía social e solidaria, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

Valores

A unión de cooperativas ten como referencia e marco de funcionamento os seguintes principios e valores compartidos, que forman parte da súa cultura e identidade:

- Aberta e non discriminatoria.
- Autonomía e independencia.
- Proactividade e participación.
- Interese pola comunidade, responsabilidade, e sustentabilidade.
- Solidariedade, cooperación, axuda mutua, traballo digno e en equipo, colaboración e intercooperación.
- Empatía coas persoas e entidades usuarias, cercanía e proximidade.
- Franqueza, honestidade, transparencia e xestión ética.
- Innovación, mellora continua e excelencia.
- Autoestima.
- Formación continua.
- Igualdade de xénero.
- Defensa da cultura e da lingua galega.



AS SOCIAS EN CIFRAS

Na Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop asociamos a **265 cooperativas** de diversos sectores de actividade distribuídas por toda a comunidade : **A Coruña 128 cooperativas, Pontevedra 97 cooperativas, Ourense 24 cooperativas e en Lugo 16**. O número total de asociadas a EspazoCoop aumentou un **7,28%** respecto do ano anterior, e o número anual de novas altas mantense estable, cunha lixeira baixa. Por outra parte, o número de persoas socias traballadoras, e polo tanto empregos, creceu un **2,11%**.

265

COOPERATIVAS SOCIAS

27

COOPERATIVAS DE ENSINO

34

NOVAS COOPERATIVAS AFILIADAS EN 2023

07

COOPERATIVAS DE CONSUMO

215

COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO

16

COOPERATIVAS XUVENÍS

PERSOAS SOCIAS COOPERATIVISTAS

2.899

SOCIAS TRABALLADORAS

1.343

SOCIAS DE CONSUMO

1.556

COOPERATIVAS ASOCIADAS NOS ÚLTIMOS 5 ANOS

158

Distribución de cooperativas por número de socias



Imaxe: Asemblea de socias de EspazoCoop 2023

215

COOPERATIVAS
DE 2 A 5
SOCIAS

20

COOPERATIVAS
DE 6 A 10
SOCIAS

21

COOPERATIVAS
DE 11 A 25
SOCIAS

3

COOPERATIVAS
DE 26 A 50
SOCIAS

6

COOPERATIVAS
DE MÁIS DE 50
SOCIAS

As mulleres na base social da Unión

Das **265 cooperativas socias de EspazoCoop**, a **metade están presididas e lideradas por mulleres**.

O importante papel das mulleres tamén se reflicte no número de mulleres socias, onde a porcentaxe ascende a máis dun 45 % do total das persoas socias das cooperativas que forman parte de EspazoCoop.

50%

**PRESIDIDAS POR
MULLERES**

45%

**MULLERES SOCIAS
TRABALLADORAS
(CTA)**

20%

**CONSTITUÍDAS
SÓ POR MULLERES**



**O COOPERATIVISMO PROMOVE A IGUALDADE, É UN MODELO DE
EMPRESA PARITARIO QUE FAVORECE A PARTICIPACIÓN DAS
MULLERES**

Cada vez son máis as mulleres que forman cooperativas e que participan na súa dirección. Das cooperativas afiliadas á Unión en 2023 o **67,56%** están presididas por mulleres, e as de recente creación que se asociaron a EspazoCoop o **77%** teñen a mulleres na súa presidencia.

REPRESENTACIÓN E INFLUENCIA POLÍTICA





REPRESENTACIÓN E INFLUENCIA POLÍTICA

A acción representativa e institucional continúa na súa liña de **defensa de demandas e propostas do sector cooperativo**, para elo EspazoCoop desprega a influencia política do cooperativismo en organismos e entidades, tanto dos que fai parte como con aqueles que colabora.

A Unión, na área representativa e de influencia política, segue orientándose por varios **obxectivos estratéxicos**:

- **Gañar recoñecemento e presenza** en distintos foros, públicos e privados, competentes en materia de desenvolvemento socioeconómico sostible e solidario.
- **Negociar coas administracións públicas**: estratexias, programas e apoios ao cooperativismo.
- Realizar **interlocución entre os poderes públicos e as cooperativas**, en defensa dos seus intereses co fin de eliminar exclusións e falta de recoñecemento.
- Establecer relacións cos distintos **grupos parlamentarios e representantes políticos** para introducir propostas do sector cooperativo nos programas electorais e nas propostas parlamentarias.
- **Participar en foros de maior ámbito territorial**, co fin de canalizar demandas e ter acceso a proxectos estatais e europeos, de xeito individual ou a través das entidades representativas do cooperativismo e a economía social das que fai parte EspazoCoop.
- **Acadar representación nos órganos consultivos dos concellos**, que elaboran propostas para mellorar o emprego, o emprendemento e o tecido empresarial local.
- Asinar **convenios de colaboración** con centros de ensino e universidades, para un mellor coñecemento do cooperativismo, tanto dende a docencia coma dende a práctica empresarial.
- Desenvolver **actuacións colaborativas con outras organizacións da economía social galega**, a través do Foro pola Economía Social Galega (FOROESGAL).
- Facer alianzas e tecer **colaboracións con distintas entidades que traballan no eido do emprendemento** para desenvolver colaboracións e coxestionar sinerxias.

A Axenda Institucional en 2023 estivo marcada polas citas electorais, tanto nos gobernos, como en EspazoCoop, que iniciou un novo período cunha nova proposta de xestión na entidade.



REPRESENTACIÓN E INFLUENCIA POLÍTICA

Ana Olveira Blanco, asume a **presidencia da Unión de Cooperativas EspazoCoop**, e tamén asume a cota territorial representando á economía social no **Consello Estatal de Economía Social**, como membro do grupo de CEPES.

A presidenta de EspazoCoop fai parte do **grupo de mulleres líderes da Economía Social -MulleresES-** creado polo Alto Comisionado para a Economía Social do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Claudia Rodríguez, conselleira de EspazoCoop, fai parte da **Comisión executiva de COCETA** (Confederación Española de Cooperativas de Traballo Asociado).

Celso Gándara, conselleiro de EspazoCoop, asume a **portavocía e a presidencia do Foro pola Economía Social Galega** (Foroesgal).

Consellos Reitores e Asembleas

No tocante ao traballo interno institucional o **Consello Reitor de EspazoCoop** realizou **10 reunións en 2023**, para tratar distintos temas de xestión da entidade, entre os que cabe destacar a contratación dunha xerenta - directora para a Unión de Cooperativas.

Celebrouse unha **Asemblea extraordinaria para a planificación** do ano, en febreiro de 2023 na cidade da Coruña.

A **Asemblea xeral de EspazoCoop** realizouse en xuño, o Día da Economía Social, contando coa participación das cooperativas socias, e compartindo actos co resto de entidades do Foroesgal.



REPRESENTACIÓN E INFLUENCIA POLÍTICA

O principal obxectivo de Espazocoop é a incidencia política.

O traballo político adquire gran peso na Unión, e destaca pola defensa das demandas do sector cooperativo.

A REPRESENTACIÓN É IMPORTANTE DENDE DÚAS PERSPECTIVAS

Solucionar dificultades das cooperativas e do sector.

Contar con recursos para as cooperativas, e para as actividades de EspazoCoop.

EspazoCoop acada máis de **560.000 € por subvencións en 2023** para programas de Fomento do Cooperativismo, a través de convenios e axudas. E **xestiona máis de 624.000 €**.

18

Redes e organismos nos que participa Espazocoop

50

Convenios de colaboración nos últimos 5 anos

RECURSOS PARA AS COOPERATIVAS

Grazas ao traballo político e representativo de 2023 acadáronse logros como:

Aumento de orzamentos para o cooperativismo a través dos programas Bono Consolida, Aprod Economía Social, ES Mentoring, ES Transforma, ou outras axudas e premios en concellos.

Incorporación da economía social, e polo tanto o cooperativismo, nas axendas e programas electorais dos partidos políticos, que concorren ás eleccións en 2023.



O TRABALLO DE REPRESENTACIÓN PERMITE:

- >> **Acadar recursos para as cooperativas.**
- >> **Acadar financiamento para os servizos e actividade de EspazoCoop.**
- >> **Defender o sector cooperativo.**

O **Concello de Santiago** e EspazoCoop impulsan a economía social a través dun programa dotado con 39.000 €.

A **Sectorial do Ensino** de EspazoCoop apoia a Aces Galicia na protesta polos recortes no ensino concertado, ante o peche de aulas en Galicia, e a falta de diálogo da Administración para facer fronte á situación de crise que xeran as súas políticas.

A **Deputación da Coruña** e EspazoCoop asinan un convenio para fomentar o cooperativismo e a economía social, dotado con 47.040 €.

A **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** otorgou máis de 130.000 € a EspazoCoop para actividades de fomento do cooperativismo na Rede Eusumo.

O cooperativismo reivindícase como mecanismo de transformación na economía local herculina, a través dun novo convenio entre o **Concello do Coruña** e EspazoCoop dotado de 30.000 €.

EspazoCoop negocia no **Consello Galego de Cooperativas** as distintas axudas ao cooperativismo do ano 2023.

EspazoCoop xestiona **3 proxectos Poises 2020-2023 (FSE-CEPES)**: Consolida a túa Cooperativa, Emprende en Cooperativa e PlatformCoop, dotados de case 57.000 €.

EspazoCoop e a **Xunta de Galicia** colaboran no crecemento de entidades da economía social, a través do programa ES Mentoring, dotado con 90.000 €.

EspazoCoop participa no **proxecto europeo EC4Rural 2023-2026**, para a creación de comunidades enerxéticas no rural, liderado pola Universidade de Vigo, financiado por fondos de Life, cunha asignación en 2023 de 6.635 €.

Presentación de candidatura ao programa Interreg-Poctep, para desenvolver o **proxecto ES-Factory 2023-2026**, liderado pola Xunta de Galicia, cunha asignación, para 2023, de 4.618 €.

O FSE-Cepes aprobou o proxecto EspazoCoop Emprende, un **programa ÉFESO 2023-2029**, para dar apoio ao emprendemento cooperativo, dotado no ano 2023 cuns 30.500 €.





Redes e organizacións nas que está EspazoCoop durante 2023 realizando traballo político e representativo

- **COGACO** - Consello Galego de Cooperativas
- **COCETA** - Confederación Española de Cooperativas de Trabajo Asociado
- **UECoE** - Unión Española de Cooperativas de Ensino
- **Coop 57 SCC** - Servizos Financeiros Éticos e Solidarios
- **REAS Galicia** - Rede de Economía Alternativa e Solidaria de Galicia
- **FOROESGAL** - Foro pola Economía Social Galega
- **CEPES** - Confederación Española de empresas da Economía Social (como Foroescal en grupos de traballo, e como membro do Consello Estatal da Economía Social)
- **Consello da Economía Social de Galicia**
- **CES Galicia** - Consello Económico e Social de Galicia
- **ACES Galicia** - Asociación de Centros de Economía Social de Galicia
- **Pacto Local polo Emprego da Coruña** - Concello da Coruña
- **Consello Económico e Social de Santiago** - Concello de Santiago de Compostela
- **Nosa Enerxía s. coop. galega**
- **Fiare Banca Ética**
- **Caixa Rural Galega**
- **CECOOP** - Centro de Estudos Cooperativos da USC
- **Consello Galego de Economía e Competitividade**
- **Rede Eusumo** - Xunta de Galicia





Representación e influencia política

Consello da Economía Social de Galicia

Participación nas actividades que desenvolve.

A actuación máis salientable é a aprobación da **II Estratexia para a Economía Social Galega Horizonte 27**, que marca as liñas de acción e os compromisos para o desenvolvemento da economía social, e o cooperativismo, para o período 2023-2027.

Coceta - Confederación Española de Cooperativas de Trballo Asociado

-EspazoCoop como entidade territorial da Confederación, é membro Consello Reitor. Neste ano entrou a facer parte da **Comisión executiva de Coceta**, asumido por Claudia Rodríguez, conselleira da Unión.

-A participación é tanto política como técnica, nos distintos **grupos de traballo da Confederación** (xurídico, formación, normativa laboral e fiscal). Coceta dinamiza o debate, a consulta e a identificación de reclamacións e demandas sobre cuestións específicas e transversais que afectan ás cooperativas.

- Participación na **Asemblea Xeral Ordinaria**, en San Sebastián, cidade declarada Capital española da Economía Social 2023.

COGACO - Consello Galego de Cooperativas

Participación en reunións da Comisión Permanente e o Pleno, nos que EspazoCoop ten representación.

A asistencia ao Cogaco permite informarse e **negociar as distintas liñas** dirixidas ao **cooperativismo galego**: convocatorias de axudas ao cooperativismo, programas, Certame de Cooperativismo no Ensino e Premios á Cooperación, ou a celebración do Día do Cooperativismo Galego.

CES Galicia - Consello Económico e Social

A representación neste órgano está exercida por Mar Pernas do equipo técnico de EspazoCoop e durante o 2023 fixo parte da súa Comisión permanente.

Traballouse no ditame do **anteproxecto de Lei de cultura inclusiva e accesible** e no **anteproxecto de Lei de igualdade de homes e mulleres**, no que se interviu na correcta identificación da economía social e se trasladou a problemática das cooperativas de traballo no rexistro de Plans de igualdade. Ademais, elaborouse un Informe sobre a **situación e potencialidades do sector enerxético**, presentado nunha Xornada na que participou a cooperativa Nosa Enerxía, por parte da economía social.



As accións de representación e as relacións institucionais en EspazoCoop son unha liña fundamental para apoiar o cooperativismo e influír nas políticas ao seu favor.

UECoE - Unión Española de Cooperativas de Ensino

- Participación a través da Sectorial de Ensino de EspazoCoop nas actividades que desenvolve, dende as reunións dos órganos de goberno, ata reunións técnicas de planificación, e distintos proxectos.
- En 2023 asistiuse a 4 reunións do seu consello reitor, e a unha asemblea. A representación estivo exercida por Roberto Andrés, do equipo técnico de EspazoCoop, ata a súa substitución por Miguel Filgueira Touriño, Vicepresidente da Unión e representante da Sectorial de Ensino.
- Participación nos Programas de UECOE “Selo ODS Cooperativo” e “Fomento do Emprendemento Cooperativo na Escola”.
- Participación en reunións do VII Convenio Colectivo de Ensino Concertado.

ACES Galicia - Asociación de Centros de Economía Social de Galicia

As cooperativas de ensino tamén están presentes en Aces-Galicia de ensino concertado. Con Aces, a Sectorial realiza traballo representativo nas Mesas de Negociación diferenciándose respecto do resto de entidades patronais e sindicatos ao tempo que garante a visibilidade das cooperativas de ensino, tomándose en consideración a súa especificidade.

A través da participación no Foro pola Economía Social Galega realízase labor de interlocución institucional e de recoñecemento da economía social galega.

Foroesgal - Foro pola Economía Social Galega

O Foro mantivo unha importante labor de interlocución institucional e de recoñecemento da Economía Social de Galicia, tanto con institucións territoriais como a nivel estatal en calidade de membro de Cepes. A súa presidencia está exercida por Celso Gándara Carnero, membro do Consello Reitor de EspazoCoop, destacamos, entre outros:

- Traballo de elaboración da II Estratexia da Economía Social de Galicia.
- Avaliación da Rede Eusumo e novo texto para a súa convocatoria de axudas.
- Participación en actos e xornadas de información e difusión de axudas estatais e europeas específicas para a economía social (PERTE da economía social ou programas ÉFESO cofinanciados polo FSE e convocados por Cepes).

Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego

A participación da Unión nos Polos de emprendemento consistiu en colaborar e promover sinerxías para fomentar o cooperativismo nestes dispositivos de atención e dinamización do emprego que impulsa a Xunta de Galicia.



Día do Cooperativismo Galego 2023

A Unión de Cooperativas en 2023 acude á celebración do Día do Cooperativismo Galego organizado pola Xunta de Galicia, que cada ano otorga na gala os Premios á Cooperación nas súas distintas categorías, para visibilizar e poñer en valor as cooperativas galegas. Celebrouse o 1 de xullo, nas instalacións da cooperativa Agroflor.

Sinalar o recoñecemento a cinco cooperativas socias de EspazoCoop.

Imaxes:

Premio a Enraizando s. coop. galega

Premio a Alén s. coop. galega

Premio a COFEPA s. coop. galega

Cinco socias de EspazoCoop, recoñecidas nos Premios do Día do Cooperativismo Galego

No Día do Cooperativismo Galego 2023, foron recoñecidas **Alén S. Coop. Galega** co Premio aos Valores Cooperativos, **Enraizando S. Coop. Galega** co Premio ao Mellor Proxecto Cooperativo, Ferrolana de Profesores de Autoescola, **COFEPA S. Coop. Galega** co Premio á Traxectoria Cooperativa, o Colexio cooperativo **Mendiño** co Accésit da modalidade de Proxectos Empresariais Cooperativos e a Cooperativa de ensino **Luis Vives** co Accésit da modalidade Actividades Cooperativizadas.

Día do Cooperativismo Galego
Sábado 1 de xullo 2023 - Narón
Na cooperativa Agroflor s. coop. galega





Imaxe: Xornada Achégate ao cooperativismo cunha ollada experta, 13 de decembro 2023: Rosa Ana García, Deputada de Industria, Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica da Deputación Provincial da Coruña, e Ana Olveira, Presidenta de EspazoCoop

Xornada en colaboración coa Deputación da Coruña

"Achégate ás cooperativas cunha ollada experta"

EspazoCoop organizou unha Xornada de cooperativismo, de visibilización, xeración de coñecemento e establecemento de redes e relacións entre o sector cooperativo e diversos axentes públicos e privados, que se celebrou no Pazo de Mariñán.

Máis de 50 entidades participaron na xornada técnica sobre xestión de cooperativas que foi organizada por EspazoCoop en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para afondar no coñecemento de aspectos de xestión que afectan ás empresas cooperativas, que medran cada ano de maneira exponencial en Galicia.

Entre as participantes atopábanse xestorías, despachos de avogadas, economistas e graduadas sociais, entre outros colectivos, que recibiron información e coñecementos sobre temáticas laborais, fiscais e de contratación pública responsable.



Imaxe: Xornada Achégate ao cooperativismo cunha ollada experta



Imaxe: Boas prácticas en contratación pública responsable

Xornada "Achégate ás cooperativas cunha ollada experta"



O programa da xornada incluíu unha ponencia marco "Ecosistema de desenvolvemento sostible: o cooperativismo galego" con David Pino Merlo, e 2 mesas temáticas.

Mesa Temática de Laboral e Fiscal

A cotización do Reta das persoas socias traballadoras con M^a Dolores Folgado Romeu, Asesoría Xurídica da Federación Valenciana de Empresas Cooperativas de Traballo Asociado (FVECTA).

A protección fiscal das cooperativas, con José Javier LaFuente, Inspector de Facenda do Estado.

Un caso práctico: Tratamento fiscal do gasto de desprazamentos, con Alicia Lorenzo Ucha e Mónica Martínez Gikirín, de AUSUM Asesores e Avogados.

Mesa Temática de Contratación Pública Responsable

Alternativas e boas prácticas en compra pública responsable, con Gabriel Sánchez Bárcena e Joana Moreno, da Federación Andaluza de Empresas Cooperativas (FAECTA), e con Julia Vázquez Silvarrey, Xefa de Sección de Promoción Económica e Social da Deputación de Lugo.



Boas prácticas en contratación pública responsable: Propiedade intelectual de proxectos culturais, con Rocío Anahi Mena Jiménez, de Gabeiras Asociados S. Coop. Mad.

Na clausura da xornada participou **Rosa Ana García**, como **Deputada de Industria, Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica** da **Deputación Provincial da Coruña**, quen destacou o compromiso das cooperativas co territorio e a súa contribución á economía do país.

Diferentes axentes socioeconómicos poden acceder a coñecementos específicos sobre a realidade empresarial das cooperativas.

Grazas a estas iniciativas pódese xerar coñecemento e se afonda na colaboración coas administracións públicas para fomentar o cooperativismo e a economía social, como é o caso da Deputación da Coruña.







CONVENIOS

Asináronse **8 convenios de colaboración en 2023** para difusión e fomento do cooperativismo cos **Concellos da Coruña e Santiago de Compostela**, coa **Deputación de A Coruña**, coa **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, así como con entidades privadas - **Fundación Santa María la Real**, e **ITG-Oficina AceleraPyme**- e educativas (**IES Terra de Soneira e CIFP A Carballeira-Marcos Valcarcel**), que se suman á nosa rede de axentes colaboradores "amigos do cooperativismo". Cos **50 convenios acumulados** afianzamos a colaboración mutua, e nalgúns casos ofrécense condicións especiais ás cooperativas socias.

Fundación Ronsel

Difusión e fomento do cooperativismo

Asociación Acción Laboral Vigo

Difusión e fomento do cooperativismo

Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Galicia

Difusión e fomento do cooperativismo

CIFP Someso da Coruña

Difusión e fomento do cooperativismo

Deputación da Coruña

Difusión e fomento do cooperativismo

Fundación Érguete Integración Vigo

Difusión e fomento do cooperativismo

Concello da Coruña

Difusión e fomento do cooperativismo

Universidade de Vigo

Difusión e fomento do cooperativismo

Universidade de Santiago de Compostela

Difusión e fomento do cooperativismo

Confederación de Empresarios da Coruña

Difusión e fomento do cooperativismo

Asociación Movilidad Humana

Difusión e fomento do cooperativismo

Asociación Provivienda

Difusión e fomento do cooperativismo

Colexio Oficial de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Difusión e fomento do cooperativismo

Fundación Eduardo Pondal

Difusión e fomento do cooperativismo

Fundación Santa María La Real

Difusión e fomento do cooperativismo

Concello da Pontevedra

Acordo de colaboración para o fomento da economía social

CFEA Guísamo da Coruña

Difusión e fomento do cooperativismo

CIFP Imaxe e Son da Coruña

Difusión e fomento do cooperativismo



CONVENIOS

Grazas a que EspazoCoop está asociada ou vinculada en entidades e redes de ámbito confederal (UECoE, Coceta, Cepes ...) tamén se accede aos convenios que as mesmas teñen establecido en distintas áreas, destinados tanto para as cooperativas socias da Unión, como para a promoción do cooperativismo.

Asociación de Migrantes de Galicia - Amiga

Difusión e fomento do cooperativismo

Concello de Sada

Difusión e fomento do cooperativismo

Concello de Porto do Son

Difusión e fomento do cooperativismo

Asociación In Red de Nigrán

Difusión e fomento do cooperativismo

Fundación Paideia

Difusión e fomento do cooperativismo

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

ES Mentoring Acompañando á economía social

Concello de Santiago de Compostela

Difusión e fomento do cooperativismo

Concello de Mos

Difusión e fomento do cooperativismo

Enxeñeiría sen Fronteiras

Difusión e fomento do cooperativismo

Universidad Internacional de La Rioja

Formación Profesionais Sector Educativo | Sectorial de ensino

Bechtle Edtech

Solucións tecnolóxicas | Sectorial de ensino

Deputación de Pontevedra

Difusión e fomento do cooperativismo

Ais O Peto

Finanzas éticas

Seguro Ético e Solidario CAES

Seguros Éticos | Sectorial de ensino

Banco Cooperativo Español

Financiamento | Sectorial de ensino

Clickedu e Qualiteasy

Solucións en Internet. Plataforma escolar para xestión académica, administrativa e económica | Sectorial de ensino

Grupo Cooperativo Cajamar

Financiamento | Sectorial de ensino

IES Terra de Soneria de Vimianzo

Difusión e fomento do cooperativismo

CIFP A Carballeira Marcos Valcárcel de Ourense

Difusión e fomento do cooperativismo

Fiare Banca Ética

Banca ética

Arçs Cooperativa

Seguros éticos

Instituto Tecnolóxico de Galicia

Oficina Acelera Peme

CONVENIOS

Os convenios de colaboración dan a oportunidade de divulgar e promocionar o cooperativismo en rede, co apoio de organizacións e entidades, chegando así máis lonxe e facilitando a aproximación a novos colectivos e públicos.

Colexio Mendiño s. coop. galega de Vigo

Difusión e fomento do cooperativismo

Solucións Siauto s. coop. galega

Difusión e fomento do cooperativismo

CIFP Manuel Antonio de Vigo

Difusión e fomento do cooperativismo

IES A Cañiza

Difusión e fomento do cooperativismo

Escola de Relacións Laborais da Coruña

Difusión e fomento do cooperativismo

IES A Guía de Vigo

Difusión e fomento do cooperativismo

IES Eusebio de A Guarda

Difusión e fomento do cooperativismo

IES Macías O Namorado de Padrón

Difusión e fomento do cooperativismo

IES Montecelo

Difusión e fomento do cooperativismo

Asociación Boa Vida

Difusión e fomento do cooperativismo

Fiare Banca Ética na sede de EspazoCoop en Vigo



A Unión e Fiare asinaron un convenio de colaboración hai catro anos que sentou as bases dun **acordo que beneficia ás cooperativas socias de EspazoCoop mediante produtos de finanzas éticas** cooperativas, descontos, liñas de financiamento e servizos en exclusividade para elas.

Froito da colaboración establecida entre Fiare e EspazoCoop, a entidade cooperativa Fiare Banca Ética apostou en 2023 pola súa presenza en Galicia, en EspazoCoop de Vigo (Rúa Marqués de Valladares 14, 2º. Oficinas 4-5) co fin de mellorar a atención das socias da Unión e ao resto de entidades clientas.

Cos convenios EspazoCoop afianza a colaboración mutua, e nalgúns casos ofrécense condicións especiais ás cooperativas socias.

Asemblea 2023 da Unión de Cooperativas EspazoCoop

As asembleas das cooperativas socias son espazos de encontro nos que participar e tomar decisións, intercambiar, coñecerse e abrir a posibilidade de conectar entre as diversas asociadas.

Nelas realízase o exame da xestión anual e ademais permiten a participación e a toma decisións sobre a súa planificación e sobre os asuntos que afectan á marcha da Unión. Estes espazos, ademais, posibilitan a recollida de demandas, necesidades e suxestións, coa vontade de ser canalizadas, son o lugar para aclarar información e dúbidas ás socias. En **2023 a Asemblea xeral celebrouse o 14 de Xuño** para rendir contas e tratar asuntos formais e obrigatorios propios da asemblea.

Asemblea de socias

Participan 50 cooperativas

A Asemblea xeral de EspazoCoop celebrouse o **Día da Economía Social**, ao remate da mesma participouse nos **actos organizados polo FOROESGAL** con motivo data



A Asemblea celebrouse no Hotel Puerta del Camino en Santiago de Compostela, e o seu inicio arrancou coa celebración das **eleccións do novo consello reitor para o período 2023-2027**.



No transcurso desta asemblea, o consello reitor de EspazoCoop, presidido por Ana Olveira, presentou os resultados e principais fitos do ano 2022: Presentación da **"Xestión social"**, aprobación das **contas e distribución dos resultados económicos**. Tamén foi aprobado o **"Plan de xestión 2023"** e as cotas asociativas do ano.

A asemblea finalizou co **nomeamento do novo consello reitor**, no foi reelixida como presidenta Ana Olveira Blanco.

Composición do novo consello reitor

Presidencia – Ana Olveira Blanco
Vicepresidencia – Miguel Anxo Filgueira Touriño
Secretaría – Nacho Fungueiriño Rey
Vogais

- Celso Gándara Carnero
- Pilar Lozano Yañez
- María Emilia Candal Bouzas
- José Antonio Eiras Vila
- José Carlos Freire Castroseiros
- Claudia Rodríguez Rodríguez


Asemblea da Unión de Cooperativas EspazoCoop

O cooperativismo medra en Galicia, segundo cifras da Xunta de Galicia, no ano 2023 creáronse 138 novas iniciativas enmarcadas nesta fórmula de emprendemento. Delas o **13% decidiron formar parte de EspazoCoop**”.

A presidenta de EspazoCoop quixo salientar que “agradecemos a confianza depositada en nós por parte das socias de EspazoCoop. Levamos 4 anos desenvolvendo un traballo institucional importante, aumentando en número de cooperativas socias, a nosa representación en concellos a través dun número relevante de convenios e o noso labor de presenza política é cada vez maior, non só en Galicia, tamén a nivel estatal como membros da executiva de Coceta”.



DIVULGACIÓN E PROMOCIÓN COOPERATIVA



"Más de 800 persoas beneficiarias directas, 24 entidades colaboradoras e máis de 47 accións"

Fomento da cultura cooperativa, en colaboración con entidades e axentes sociais

EspazoCoop participa en actos, eventos, e accións de divulgación, promoción e sensibilización do cooperativismo en colaboración con organizacións, entidades e axentes sociais da comunidade galega e doutros territorios. Destacamos algunhas destas participacións e colaboracións realizadas en 2023:

16ª edición da Feira das Industrias Culturais - Culturalgal | Participación no stand da economía social de cooperativas e empresas de economía social do sector cultural [Pontevedra]

Xornada Emprendemento en Feminino Somos Mulleres, Somos Emprendedoras, Somos Economía Social -- Convenio de colaboración Concello de Santiago-EspazoCoop [Santiago de Compostela]

Roteiros Cooperativos | Convenio de colaboración Concello de Santiago de Compostela-EspazoCoop | 5 edicións [Santiago de Compostela]



Curso Emprendemento na ES para persoas con discapacidade | In Red [En liña]

Xornada **"Mulleres rurais: raíces, presente e futuro da nosa terra"**, | Clun s. coop. galega - Mulleres de seu | Melide



Sensibilización cooperativa en concellos da Coruña



Programa

"Itinerario de Emprendemento Cooperativo" coa Deputación da Coruña

Deseñouse un Itinerario de Emprendemento Cooperativo integrado por **Xornadas de sensibilización** (de 3 h.) que se impartiron para varios concellos, obradoiros de emprego ou mancomunidades da provincia da Coruña:

- **Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ordes.** Obradoiro de Emprego.
- **Concello de Melide.** Obradoiro de Emprego.
- **Concello de Sada.**
- **Concello de Oleiros.** Obradoiro de Emprego.
- **Concello de Boiro.** Obradoiro de Emprego.

As destinatarias das actividades están participando en procesos formativos nos que poden valorar a opción cooperativa como unha vía para emprender laboralmente, nos sectores da **agricultura ecolóxica, sostibilidade ambiental, construción e xestión forestal.**

A raíz destas actividades **créanse 2 cooperativas no Concello de Sada**, e existen **3 proxectos pre-cooperativos** que están analizando a súa constitución, nos Concellos de Sada e Boiro.



Realizáronse un total de 5 actividades e 15 horas de formación cun resultado de 86 persoas participantes.

5 actividades | 15 horas de formación
4 concellos e unha mancomunidad de 7 concellos
86 participantes

Sensibilización cooperativa con entidades da comunidade



Programa sensibilización para o emprendemento cooperativo "E ti, coñeces a fórmula?"

Programa de **sesións divulgativas "E ti, coñeces a fórmula?"**, co apoio da REDE EUSUMO e o programa europeo EFESO (FSE+ - Cepes).

- **Federación de Asociacións do Ámbito Social Fadas** | Lugo
- **Obradoiro de Emprego** | Mos
- **Obradoiro de Emprego** | Ames
- **A Talangreira do Beque s. coop. galega** | Moaña
- **IES Rodeira** | Cangas do Morrazo
- **IES As Mariñas** | Betanzos
- **IES A Guía** | Vigo
- **IES Val do Asma** | Chantada



E ti, coñeces a fórmula?
8 actividades | 8 entidades | 131 beneficiarias

Cooperativismo en centros de ensino do Concello da Coruña



O cooperativismo chegou a 450 estudantes dos centros de ensino da Coruña da man de EspazoCoop

A Unión de Cooperativas EspazoCoop e o Concello da Coruña colaboraron un ano máis para ofertar un Programa de actividades en Centros de Ensino do concello co obxectivo de fomentar o Cooperativismo, dando a coñecer a idoneidade da fórmula cooperativa como unha vía de acceso ao **emprego**, neste caso mediante o **autoemprego colectivo e un modelo empresarial de economía social**, a máis de **450 estudantes**.

O Ensino Secundario é un dos ámbitos da nosa sociedade nos que compre incorporar programas sobre **adquisición de competencias e aptitudes cooperativas emprendedoras** contribuíndo a complementar a oferta educativa dos centros.

Neste contexto EspazoCoop celebrou **26 actividades** de setembro a decembro de 2023, e 4 tipos de propostas que incluíron Charlas informativas, Táboas redondas, Visitas, e Escapes Rooms.



Sesión informativa E ti, coñeces a fórmula?

As sesións informativas “E ti, coñeces a fórmula?” realizáronse para alumnado de centros de ensino secundario e formación profesional. Como novidade neste ano incorporouse a participación dunha persoa socia cooperativista en cada sesión. Realizáronse **15 edicións**, nos centros: **Grande Obra Atocha, CIFP Someso, IES Imaxe e Son, e IES Rosalía Mera**, acadando unha participaron máis de 250 persoas.

Cooperativismo en centros de ensino do Concello da Coruña



Táboas redondas “Montar unha cooperativa é unha boa opción”

Realizáronse sesións onde socias de cooperativas das familias profesionais vinculadas aos centros de ensino participantes presentan os seus proxectos e establecen un diálogo co alumnado para resolver as dúbidas e atender as consultas. Achégase tamén información de interese relacionada co emprendemento cooperativo.

Realizáronse **4 edicións** nos centros: **Ángel Casal, Grande Obra Atocha, Paseo das Pontes e Rosalía Mera**, nos que interviron **8 cooperativas: Educaalecrín, Lenda Educativa, Simbiosis, Falar a Mare, Das Aradas, Manchea e Sacauntos**. Coas Táboas chegouse a 70 alumnas e alumnos.

Visitas “Coñece as cooperativas”

Visitas para mostrar ao alumnado cooperativas da cidade da Coruña. Tomando como punto de partida o Centro de Empresas Accede Papagaio realízase un percorrido a varias cooperativas na contorna. Realizáronse **2 edicións** nas que participaron 49 alumnas e alumnos dos centros: **IES Fernando Wirtz e IES Urbano Lugrís**, que visitaron ás cooperativas **Alén, Verso Libre, e Laboratorio Escénico**



Escape Room “Desafío cooperativo”

Unha proposta para achegar ao alumnado unha actividade baseada no xogo, que deixa un impacto positivo no coñecemento e xera interese cara ao cooperativismo. Realizáronse **5 edicións** nos centros: **Grande Obra de Atocha, Urbano Lugrís, Fernando Wirtz, Paseo das Pontes, e Imaxe e Son**, que acadaron unha participación de 87 estudantes.

CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN COOPERATIVA



Acompañar no emprendemento cooperativo: 130 proxectos atendidos, 23 cooperativas constituídas e 62 empregos creados

Un servizo permanente ao longo de todo o ano para aquelas persoas que teñen proxectos e iniciativas de emprendemento, dende o que se realizan derivacións á oferta formativa específica de EspazoCoop para grupos pre-cooperativos.

A Unión é un **punto de información e asesoramento en materia de creación de cooperativas en Galicia**, con atención personalizada dende a orientación inicial ata o acompañamento no plan de viabilidade empresarial e societario dos proxectos cooperativos, pasando polas liñas de financiamento, trámites de constitución, formación, e as axudas.



Imaxe: Micelio s. coop. galega

Acreditada como entidade da **Rede Eusumo** EspazoCoop mantense como un referente no impulso e promoción do cooperativismo para informar, orientar e acompañar en procesos de creación de cooperativas, co **programa +COOP**.



Imaxe: Buenos Muchachos s. coop. galega (Cantina Argentina)

A Unión, no marco dos programas europeos **POISES-Cepes**, e **ÉFESO** (FSE+ - Cepes) tamén impulsou o acompañamento especializado a proxectos cooperativos para analizar a súa viabilidade, como foi o **programa EspazoCoop Emprende**.

Como entidade integrante do **Pacto Local polo Emprego do Concello da Coruña**, prestou servizos de información e acompañamento municipal para persoas con proxectos cooperativos, co programa **EspazoCoop Acompaña** habilitouse un servizo de apoio á cidadanía para crear cooperativas.

Grazas aos servizos de apoio ao emprendemento cooperativo, **nos últimos 5 anos** creáronse **130 cooperativas**.

[EMPRENDEMENTO COOPERATIVO 2023]

23 cooperativas constituídas - 62 empregos
130 proxectos pre-cooperativos atendidos
275 persoas atendidas

Xornada final +COOP: apoio na creación de cooperativas



Celebración da **xornada de resultados do programa +COOP 2022-2023** no mes de xullo en “La Moda” Rural Lab (Silleda), que contou coa presenza de Farrah Lisa Meghazi, Subdirectora xeral de Economía Social da Xunta de Galicia.

A Unión de Cooperativas EspazoCoop desenvolveu en colaboración coa Rede Eusumo- Xunta de Galicia, Cepes e o FSE, o programa +COOP, co obxectivo principal de **prestar servizos de apoio á cidadanía para crear empresas cooperativas e acceder con elo ao emprego**, mediante a fórmula do autoemprego colectivo.

25 novas cooperativas en Galicia e 62 postos de traballo creados grazas ao programa +COOP 2022-2023 de EspazoCoop

Os servizos e os **procesos** de atención a usuarias realizados dende a Unión de Cooperativas, son **reflexivos e participados**, e pasan por distintas etapas antes da constitución da cooperativa, dependendo do grao de maduración do grupo emprendedor e do proxecto, polo que se deseña un itinerario personalizado, a medida das necesidades.

+COOP ofreceu orientación, información, asesoramento e acompañamento especializado a colectivos de persoas que querían emprender, facendo das súas ideas de negocio unha actividade profesional, e buscando que os proxectos cooperativos sexan viables, económica e societariamente.

35 participantes na xornada de resultados



Programa fomento do cooperativismo en sectores estratéxicos

Fomento do Cooperativismo en Sectores Estratéxicos é un programa de acompañamento desenvolto en 2023 para **apoiar o impulso de empresas cooperativas en ámbitos e actividades económicas estratéxicas en Galicia** e nas novas necesidades comunitarias.

EspazoCoop tiña elaborado unha colección de Plans Estratéxicos nos ámbitos da economía circular, novo rural, cohousing, coworking, coidados, e cultura. Partindo deste traballo, continuou, a través deste programa, coa **activación de procesos que estimulen o uso do modelo cooperativo para construír proxectos**, que contou con **2 liñas de actuación**.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- ENCONTROS SECTORIAIS
- ASESORAMENTO A PROXECTOS PILOTO



Imaxe: Alvariza // Proxecto piloto no sector da vivenda

[Programa no marco da programación da Rede Eusumo - Xunta de Galicia]



As destinatarias do programa foron:

- Persoas e entidades vinculadas a sectores como cultura, vivenda ou novo rural.
- Persoas e entidades prescritoras de procesos de emprendemento empresarial no ámbito socioeconómico e comunitario.
- Grupos de persoas promotoras de proxectos cooperativos ou doutras fórmulas empresariais de economía social.

ENCONTRO DE CULTURA

ENCONTRO DE NOVAS ACTIVIDADES NO RURAL

ENCONTRO DE VIVENDA EN CESIÓN DE USO

Acompañamento e asesoramento a un proxecto piloto para impulsar a creación dunha cooperativa no sector extratéxico da vivenda colaborativa e en cesión de uso

Encontros | 31 participantes

Asesoramento | 1 proxecto piloto | 14 participantes

Xornadas impulsoras de emprendemento cooperativo

Tecendo Redes

PARA O EMPRENDEMENTO NO COOPERATIVISMO E
NA ECONOMÍA SOCIAL NO CONCELLO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mediante xornadas incluídas en programas impulsouse a creación e mantemento de redes para traballar a favor da promoción de cooperativas.

XORNADA | TECENDO REDES

Xornada en colaboración co Concello de Santiago de Compostela TECENDO REDES para emprender na economía social. A acción buscou fomentar o traballo en rede, o intercambio e a xeración de relacións con persoas que traballan en organizacións que son puntos de atención no emprendemento, xa que estas poden recomendar as fórmulas empresariais da economía social, e especialmente as cooperativas para emprender.


Participan: EAPN Galicia, Asociación Provienda, Fundación Ronsel, Inserta Emprego-Fundación ONCE, Aeiga, Compostela Inserta, IES Fernando Wirtz, AIS O Peto, Fiare, ou Coop57 Galicia.

XORNADA | PRESENTACIÓN DE EC4RURAL, COMUNIDADES ENERXÉTICAS

En 2023 arrancou o proxecto EC4RURAL no que EspazoCoop participa xunto a organizacións de España, Estonia e Bélxica, un proxecto europeo liderado pola UVigo para impulsar a transición enerxética limpa nas zonas rurais europeas, e en 22 concellos galegos, mediante a creación de comunidades enerxéticas ata 2027.



Recursos de apoio á creación de cooperativas



iniciacoop: interésache emprender a través dunha cooperativa?

Acompañando na creación de cooperativas

Dentro do convenio de colaboración 2023 entre da Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas EspazoCoop, e vinculado á liña de actuación “Fomento do Emprendemento en Cooperativa”, creáronse 3 recursos para o emprendemento, unha aplicación, e dous vídeos.

APP | INICIA.COOP

Inicia.coop é un recurso da Unión de Cooperativas EspazoCoop, unha ferramenta web accesible e sinxela, coa que se pode realizar un diagnóstico que permita coñecer cal é o perfil emprendedor para formar unha cooperativa da persoa usuaria deste útil, de acordo coas respostas ás preguntas formuladas pola aplicación.

VÍDEOS | EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

En 2023 elaboráronse **2 vídeos** sobre emprendemento cooperativo para crear proxectos profesionais de autoemprego colectivo xunto a outras persoas. Como? mediante a fórmula empresarial de cooperativa, unha empresa especial cunha xestión e dimensión democrática e participativa que precisa dun asesoramento e acompañamento especializado. Realizáronse os vídeos:

- [Hoxe cociñamos emprendemento cooperativo](#)
- [Acompañando na creación de cooperativas](#)

Consolidación: as cooperativas buscan apoio na Unión



A participación nos programas de consolidación cooperativa aumenta un 20%

Grazas á liña de Consolidación, acompañamos e orientamos ás cooperativas con programas que dan resposta ás súas necesidades de crecemento.

EspazoCoop como asociación que constrúe unha rede entre as cooperativas, realiza acompañamento persoalizado e programas de crecemento a medida.

7 programas de consolidación cooperativa en 2023

Acumula unha longa experiencia orientando e asesorando a cooperativas, e ten creado recursos, formacións, actividades e programas específicos para empresas cooperativas que están axudando e contribuíndo a que medre o cooperativismo galego.

A participación en programas de consolidación aumentou casi un 20% máis

[334 PARTICIPANTES]

- **Xornada** | 50 beneficiarias
- **Formación Xerencial** | 44 beneficiarias
- **Apoio á Función Xerencial en Cooperativas (Bolsas)** | 8 beneficiarias
- **ES Mentoring Acompañando á Economía Social** | 20 beneficiarias
- **Itinerario de Intercooperación** | 50 beneficiarias
- **Xoves de Cooperativismo** | 132 beneficiarias
- **Programas de Asesoramento** | 30 beneficiarias



ACHÉGATE ÁS COOPERATIVAS CUNHA OLLADA EXPERTA

XORNADA TÉCNICA DE XESTIÓN DE COOPERATIVAS

9.30 - 14.30 h. | Pazo de Mariñán - Bergondo



13 DE
DECEMBRO



Xornada Achégate ás cooperativas cunha ollada experta

EspazoCoop organizou en 2023 unha xornada técnica especializada de xestión cooperativa.

Máis de 50 entidades participaron na xornada técnica sobre xestión de cooperativas que foi organizada por EspazoCoop en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para afondar no coñecemento de aspectos de xestión que afectan ás empresas cooperativas, que medran cada ano de maneira exponencial en Galicia.

Entre as participantes atopábanse xestorías, despachos de avogadas, economistas e graduadas sociais, entre outros colectivos, que recibiron información e coñecementos sobre **temáticas laborais, fiscais e de contratación pública responsable**.

[50 beneficiarias]

Formación especializada xerencial

A Unión de Cooperativas EspazoCoop ofertou un Programa Especializado de Formación Xerencial para cooperativas, en colaboración co Concello da Coruña, destinado aos consellos reitores, cadros xerenciais e persoal directivo e con responsabilidades.

O programa aborda temáticas de xestión empresarial, liderado ou innovación entre outras, impartido por persoal docente experto.

En 2023 celebráronse 3 módulos formativos e un total de 30 horas de formación, **contando para impartila coa colaboración de 6 cooperativas** socias da Unión. Os cursos, presenciais, celebráronse na aula de formación do Centro Municipal de Empresas Accede Papagaio do Concello da Coruña.

- **Fiscalidade cooperativa avanzada.**
- **Xestión societaria e laboral nas cooperativas.**
- **Transformación de empresas mercantís en cooperativas.**

[44 beneficiarias]

Programas de consolidación

Apoio á Función Xerencial en Cooperativas [Creando Mellora]

BENEFICIARIAS 2023

4 cooperativas || 4 bolseiras



[Programa no marco da programación da Rede Eusumo - Xunta de Galicia e o Programa Poises-Cepes]

A Unión puxo en marcha a 11ª Edición do programa de bolsas "Apoio á Función Xerencial en Cooperativas" para prestar soporte ás cooperativas na xestión empresarial e societaria, mediante a elaboración de **Plans de Mellora** participados para favorecer o crecemento das cooperativas.

O programa conta xa con **16 anos** de traxectoria, e **máis de 116 beneficiarias directas** (58 cooperativas e 58 bolseiras)

Coa incorporación nas cooperativas, de **persoas con formación na área empresarial**, estas realizan **prácticas titoradas** que estarán acompañadas polo equipo técnico de Espazocoop, deste modo apóíase o ámbito xerencial e os procesos de mellora nas empresas durante 6 meses.

A finalidade do programa é dobre:

- Mellorar as condicións nas que as cooperativas abordan a función xerencial e impulsar procesos de mellora e crecemento.
- Fomentar o emprego mellorando a capacitación de mozos-as mediante un proceso de iniciación profesional nas cooperativas e organizacións de ES.





ES Mentoring

Acompañando á Economía Social


O Programa ES-Mentoring, é unha iniciativa de mentorización desenvolvida conxuntamente entre Agaca e EspazoCoop, co apoio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade co fin de apoiar á entidades de economía social.

ES Mentoring dirixiuse ás cooperativas e a empresas da economía social galega con necesidades específicas, a aquelas que estaban nunha situación crítica, nun proceso de cambio, transformación ou innovación, entre outras posibilidades. As cooperativas recibiron orientación sobre como enfocar a súa situación da man doutras empresas do sector da economía social, a través da [figura das Mentoras](#) que aportan a súa experiencia.

O programa permitiu compartir os coñecementos, as vivencias e as habilidades das profesionais con experiencia para implementar melloras nas cooperativas demandantes.

40 entidades da economía social participaron neste edición de Es-Mentoring co obxectivo de reforzar, medrar e consolidar a súa actividade.

Na súa **2ª edición**, en 2023, consolidouse unha rede formada por preto de **100 persoas mentoras** na economía social que compartiu os seus coñecementos para implementar melloras nas entidades en materias como consultoría financeira, organización, xerencia ou comunicación.



Programas de consolidación

ES Mentoring [Acompañando á economía social]

**XORNADA DE RESULTADOS
ES MENTORING - DECEMBRO 2023**

63 participantes



[Programa no marco da programación da Rede Eusumo - Xunta de Galicia e o Programa Poises-Cepes]

Na edición de 2023 de ES-Mentoring atendéronse por parte de EspazoCoop un total de **20 entidades da economía social**, das 53 solicitudes recibidas. Para elo, consolídase unha rede composta por 84 persoas expertas con elevados coñecementos sobre o funcionamento e procesos no tecido socioeconómico.

Os **ámbitos** nos que se desenvolveron estes procesos de mentoría foron a **comercialización, comunicación, economía e finanzas, organización, RSE, innovación, ODS, intercooperación, transición dixital, internalización, planificación estratéxica**, entre outras.

A edición de 2023 de ES Mentoring Acompañando á Economía Social incorporou ademais estas accións destinadas á rede de mentoras:

Formación de Mentoras | 2 edicións
(teleformación e presencial)

total 84 beneficiarias

A rede de mentoras medra un 53%
Consolidar, medrar, intercooperar

[20 cooperativas beneficiarias
e unha rede de 84 mentoras]



Programas de consolidación

Xoves de cooperativismo no Papagaio



O segundo xoves de cada mes realizáronse actividades de promoción e dinamización do cooperativismo no Centro de Empresas Accede Papagaio (Concello da Coruña), programando varias actividades, como Pímulas Formativas, Almorzos Cooperativos e as sesións As Cooperativas Contan, contando para realizalas coa colaboración de 9 cooperativas socias de EspazoCoop.

Pímulas formativas : Charlas específicas sobre temas de interese propostos polas cooperativas.

Almorzos cooperativos: Actividade de networking coa finalidade de afianzar o coñecemento mutuo entre as cooperativas presentes no territorio e facilitar o nacemento e desenvolvemento de proxectos de intercooperación.

Sesións " As cooperativas contan": actividade de dinamización nas que as cooperativas participantes convidaronnos a coñecer as súas áreas de actuación e as posibilidades que ofrece a outras cooperativas e a sociedade en xeral.

BENEFICIARIAS 2023

132 beneficiarias - 8 actividades

Almorzos cooperativos | 2 edicións

Sesións de networking e intercooperación

As cooperativas contan | 1 edición

Cooperativismo e sostibilidade, construíndo un futuro mellor xuntas

[Programa no marco do convenio de colaboración co Concello da Coruña]

Pímulas formativas | 5 edicións

Comunicación comercial

Axudas e apoios ao cooperativismo (streaming)

Normativa e lexislación cooperativa (streaming)

Intercooperación (streaming)

Financiamento alternativo (streaming)



Programas de consolidación

Itinerario de Intercooperación

Itinerarios de Intercooperación é un programa para o fomento da intercooperación, tanto a nivel sectorial como intersectorial e con outras entidades da Economía Social e Solidaria (ESS).



"Hai motivos para Intercooperar"

As cooperativas poden alcanzar un maior potencial mediante a colaboración práctica dunhas con outras, tanto no ámbito local como no internacional, no sectorial ou no intersectorial.

A "intercooperación" pódese implementar dende diversas perspectivas, e dende distintas fórmulas de organización.

Por elo, Itinerario de Intercooperación implementou as seguintes actuacións:

1 | **Encontros** de coñecemento mutuo, de xeración de proxectos e de acompañamento de procesos de intercooperación: **cultura, ensino, asesorías e consultorías, consumo, fondos europeos, e proxectos de intercooperación.**


[Programa no marco da programación da Rede Eusumo - Xunta de Galicia e o Programa Poises-Cepes]

2 | **Acompañamento** de proxectos de intercooperación.

3 | Elaboración de material divulgativo: **vídeo "Intercooperación"** sobre 3 casos reais de boas prácticas en Galicia.

50 cooperativas
5 encontros sectoriais
2 encontros de proxectos
1 vídeo "Intercooperación"

"Exercer a Intercooperación"



EspazoCoop promove o programa para impulsar procesos de colaboración, **estimulando a práctica dun dos principios cooperativos fundamentais** que distingue o funcionamento da economía cooperativa e a súa cultura empresarial.



Programas de consolidación

Programas de asesoramento para cooperativas



As cooperativas demandan servizos de asesoramento a EspazoCoop para unha xestión óptima das súas empresas, garantir a súa viabilidade e posicionarse mellor no mercado.

Realizáronse diversos acompañamentos a cooperativas durante o ano 2023, estes procesos de mellora e consolidación estiveron apoiados por programas da Rede Eusumo-Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña.

Que posibilidades teñen os procesos de asesoramento a cooperativas?

- Elaborar a diagnose e as necesidades da cooperativa, coa valoración dalgunha área ou das áreas da empresa para elaborar un plan de continxencia e de medidas prioritarias.
- Análise da área produtiva, comercial e de mercado.
- Análise da área organizativa.
- Análise da área económica e financeira.
- Planificación para implementar medidas de mellora nas áreas necesarias.

- **Programa de asesoramento Rede Eusumo**
13 cooperativas beneficiarias.
- **EspazoCoop Acompaña Concello da Coruña**
4 cooperativas beneficiarias.
- **Programa de asesoramento Deputación da Coruña**
13 cooperativas beneficiarias.

Programas de asesoramento beneficiarias 2023

30 cooperativas





SERVIZO ASESORÍA XURÍDICA ÁMBITO EDUCATIVO

Para escolas cooperativas asociadas a
EspazoCoop e centros de Aces Galicia

abogados@rodriguezyvilas.es
986453353 - 629156590



Servizo de orientación e apoio na xestión das cooperativas

En 2023 as socias empregaron o servizo de consultas para a xestión cooperativa, que brinda a Unión, e nos que se tratan temas xurídicos e societarios, contables, fiscais, laborais, sobre axudas específicas para o sector cooperativo, e outras liñas, como pode ser tarefas de intermediación coa Administración para aquelas cooperativas asociadas que o precisan.

Temáticas e áreas das consultas

- LABORAL
- XURÍDICO - NORMATIVA
- CONTABLE E FISCAL
- SOCIETARIAS - ORGANIZATIVAS
- AXUDAS E SUBVENCIONES
- SECTORIAL COOPERATIVAS ENSINO
- ASESORÍA XURÍDICA DE EDUCACIÓN
- MEDIACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

Beneficiarias

110 cooperativas

Horas de atención

266 horas

[Préstase tamén **apoyo noutras áreas e temáticas** para **mellora das cooperativas** socias como a comercial, financeira, contratación pública, organización, comunicación, finanzas éticas, etc.]



Programa de Formación de EspazoCoop

[ACTIVIDADES FORMATIVAS]

31

[BENEFICIARIAS]

646

[COOPERATIVAS USUARIAS]

61

[HORAS DE FORMACIÓN]


554

A oferta formativa da Unión en 2023, realizada co apoio da Rede Eusumo, o programa Poises, o Concello da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela, a Deputación da Coruña, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e a Confederación Coceta, contou cun programa de 30 accións en materia cooperativa nas modalidades de presencial, teleformación, e teleformación mixta, orientadas a persoas cooperativistas e a persoal contratado destas empresas, alumnado de centros de formación para público interesado en xeral.

Aumenta o número de participantes e beneficiarias un 67% respecto do ano anterior

Unha programación destinada prioritariamente a **socias, socios, e persoas asalariadas de cooperativas**, pero tamén a:

- Socias e traballadoras doutras empresas de economía social.
- Grupos de persoas con interese no emprendemento cooperativo.
- Persoal técnico de organizacións relacionadas co emprego.
- Estudiantes de formación profesional e ensino secundario.
- Persoas universitarias.
- Asesorías e xestorías.
- Público interesado no cooperativismo en xeral.





Programación Formativa 2023

Emprendemento en cooperativa

2 edicións

Emprendemento cooperativo para a mocidade

2 edicións

Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas

4 edicións

Desenvolvendo a idea cooperativa

4 edicións

A cooperativa é para nós?

5 edicións

Programa Especializado de Formación Xerencial

3 módulos:

- **Fiscalidade cooperativa avanzada**
- **Xestión societaria e laboral nas cooperativas**
- **Transformación de empresas mercantís en cooperativas**

Para “A cooperativa é para nós?” contouse ademais con **cooperativas** que deron conta dos seus emprendementos e da súa experiencia: **Labrecos, Arreda, Afeito e Abeiro de Rehabilitación**. Para os cursos de Emprendemento contouse con: **Mala Herba, Aventeira, Bico de Grao e Milhulloa**.

Formación en en diversas áreas do cooperativismo: para constituír e xestionar cooperativas

Contabilidade cooperativa nivel 0

1 edición

Contabilidade cooperativa nivel Pro

1 edición

Formación de titoras xerenciais en cooperativas

1 edición

Impulsando un sistema emprendedor no cooperativismo

1 edición

En cooperativa

3 edicións

Plataformas cooperativas xa!

1 edición

E-Motívate DUAL

1 edición

Formación de persoas mentoras

2 edicións

31 cursos

20 cursos de teleformación

10 cursos presenciais

1 curso de teleformación mixta

Aula Virtual de EspazoCoop

A Unión de Cooperativas conta cunha plataforma de teleformación propia dende o ano 2020 e busca con ela xeitos alternativos de ofertar formación ás cooperativas e ás persoas interesadas.

Faise un importante **labor de adaptación** e creación de contidos e metodoloxías adaptadas á modalidade de **teleformación** que **permite realizar cursos a distancia**.

A impartición de teleformación en 2022 volveu a ser moi relevante, coa impartición de **vinte cursos** nesta modalidade ou en teleformación mixta, en parte debido a un **cambio de tendencia** na preferencia das persoas participantes que elixen as opcións virtuais fronte as presenciais.

Aula Virtual :
<https://www.aulaespazocoop.com>

Aumentan un 31% as usuarias rexistradas

[Plataforma de teleformación propia]

A Unión conta cunha ferramenta formativa que á **plataforma de teleformación** ao uso, incorpora a **aula virtual** para realizar **sesións telemáticas de aprendizaxe** síncronas.



A Aula Virtual ofrece un escenario formativo atractivo e novidoso pola adaptación e creación de **materiais, contidos e metodoloxías en formato en liña** para os distintos colectivos.

EspazoCoop Aula Virtual
1.342 usuarias rexistradas



Sectorial Ensino

Formada por **27 cooperativas de ensino** socias da Unión, participan en 2023 de maneira activa en varios espazos e organizacións vinculadas ao mundo cooperativo e educativo.

1| Nos órganos do consello reitor e na asemblea de UECOE - **Unión Española de Cooperativas de Ensino** - en **4 consellos reitores** (Madrid, Murcia, Zaragoza, e San Sebastián) e **1 asemblea anual** (Segovia) así como nas distintas actividades organizadas ao longo do ano, entre as que destacan a participación de varios centros da sectorial no **VI Premio do Grupo Cooperativo Cajamar** ao “Fomento do Emprendemento Cooperativo na Escola”, así como no **Programa “Selo ODS Cooperativos”**.

Destacar tamén a posta en marcha do **Estudo** sobre cantidades económicas que achegan as familias para o sostemento dos centros concertados, de cara a obter unha imaxe máis fidedigna sobre esta realidade e o seu verdadeiro alcance.


Resaltar por outra banda o traballo de recompilación de achegas para os **proxectos normativos** que se están a tramitar para o desenvolvemento da LOMLOE nas súas distintas etapas.

No ámbito da **negociación do VII Convenio Colectivo de empresas de ensino privado** sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, desenvolvéronse varias xuntanzas de traballo na Mesa Negociadora do Convenio, co fin de aprobar as

as táboas salarias para os anos 2022 e 2023 así como os acordos para as saídas con pernocta do persoal afectado polo convenio e unha nova definición das distintas categorías profesionais.

Salientar tamén o traballo constante de visualización e, nalgúns casos, **presentación tanto de FED-ACES como da UECOE**, a nivel de partidos políticos e organizacións patronais e sindicais, pondo en valor a fórmula do cooperativismo de ensino e defendéndoo como alternativa con identidades propia na dicotomía publico/concertado, circunstancia esta de especial importancia tendo en conta as numerosas citas electorais producidas ao longo do ano.

2| Na **patronal dos centros de ensino en réxime de economía social**, ACES-GALICIA, no seu labor de representación e defensa dos intereses do sector ante os organismos públicos e privados cos que está vencellada a **Sectorial de Cooperativas de Ensino de EspazoCoop**. Dentro desta liña de actuación, ACES-Galicia, está a contar co apoio da Unión en cuestións como a cesión do uso de locais, gastos de representación, mantemento da súa páxina web ou a facilitación de medios materiais e de persoal na execución de actividades. A elo súmase o labor diario de consultaría, remisión de normativa e xestións ante a Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional e Universidades.



A Sectorial de Ensino de EspazoCoop está formada por 27 colexios cooperativos distribuídos en toda Galicia.

Destacamos, ademais, dentro da actividade da Sectorial de Ensino 2023:

-A realización do **II Encontro de Intercooperación das Cooperativas de Ensino**, celebrado o día 23 de maio en formato on-line, no que participaron 12 cooperativas de ensino e centros asociados e que serviu de marco de referencia tanto para a análise da situación actual do ensino concertado en Galicia, como para intercambio de estratexias, planificacións e métodos de traballo entre as distintas persoas participantes e que poidan servirles de referencia na súa realidade cotiá. Este Encontro de Intercooperación, pretende ter continuidade nos vindeiros anos de cara a fomentar tamén o coñecemento mutuo entre as distintas cooperativas de ensino asociadas, tratando así de superar un certo afastamento que viu dado tamén froito do cambio xeracional que se viviu nos últimos tempos.

-A **participación na manifestación** celebrada o día 13 de maio en Santiago de Compostela ante a sede da Consellería de Educación, en protesta pola falla de diálogo da Administración Educativa cos representantes do sector e a negativa a convocar a **Mesa Tripartita da Concertada**, a súa política de supresión de unidades de concerto, a necesidade de reducir rateos en todas as etapas educativas, a reposición da xubilación parcial, o asinamento dun Acordo de Mantemento do Emprego no Sector, o acceso do PAS ao pago delegado ou o aboamento da PEA.

-Froito da presión mencionada anteriormente, acadouse o fito da **sinatura dun novo AME para o sector**, que ven a substituír ao anterior do 2009, formando parte ACES-GALICIA da comisión constituída para o seguimento deste acordo.

-A consolidación do **Servizo de asesoramento xurídico en materia educativa**, que comezou no ano 2017, e que neste 2023, volveu ser un dos máis demandados polas cooperativas da sectorial, con consultas en materias tan diversas como o asesoramento sobre a normativa en materia de subrogación de contratos de servizos, reclamación da paga por antigüidade na empresa, normativa sobre uso de móbiles na aula, problemáticas laborais ou elaboración de informes e propostas sobre normativa educativa, permitíndolle, tanto ás cooperativas como a EspazoCoop contar co apoio e asesoramento de profesionais nas relacións coa Administración. Atendéronse **28 consultas**.

13 cooperativas de ensino usuarias en 2023 do Servizo de Asesoramento Xurídico en materia Educativa

Por último indicar que seguimos a colaborar con ARÇ Seguros Éticos e Solidarios, a través do **Portal de Seguros Éticos para escolas cooperativas asociadas a EspazoCoop**, elaborado especificamente para que os nosos centros poidan solicitar os distintos seguros obrigatorios para o sector así como facer comparativas entre as propostas de ARÇ e as súas pólizas actuais.



Sectorial Cultura, Turismo, Ocio, Patrimonio e Ambiente



A '**Sectorial de Cultura, Turismo, Ocio, Patrimonio e Medio Ambiente**' aglutina ás cooperativas do ámbito cultural asociadas á Unión de Cooperativas Espazocoop co obxectivo de dar voz a estas entidades, defender as súas demandas, impulsar proxectos de colaboración entre elas, e visibilizalas.

A sectorial está formada por **72 cooperativas** de actividades diversas no eido da cultura (xestión de eventos, produción, distribución, audiovisual, fotografía, artes escénicas e musicais, formación cultural, editorial, patrimonio, ocio, tempo libre, medio ambiente, turismo...) onde se consolida, á súa vez, o **Grupo de Traballo** das cooperativas de **Patrimonio, Ocio, Turismo e Medio ambiente** (22 cooperativas).

A Sectorial busca **mellorar a interlocución coa administración**, reclamar melloras e garantías nos procesos de contratación pública, trata de reforzar o apoio ás empresas de mulleres, comprometerse no desenvolvemento de proxectos sostibles e de interese social, defender os dereitos e atacar os agravios ao sector cultural e cooperativo.

Durante o ano 2023 a Sectorial seguiu con prácticas de **intercooperación e unión** para levar adiante varios **Encontros** de apoio mutuo:

A sectorial cultura, turismo, ocio, patrimonio e medio ambiente creceu en nº de integrantes un **30,90%** respecto do ano anterior.

1| O **encuentro** celebrado o 14 de setembro e incluído dentro do **Itinerario de Intercooperación** executado pola Unión entre as súas distintas sectoriais dentro da Programación da Rede Eusumo 2023. Celebrouse na cooperativa Café Uf de Vigo e contou coa participación de 10 cooperativas socias.

2| O **encuentro** celebrado o 1 de decembro e incluído dentro da **Feira CULTURGAL**, tivo lugar unha xuntanza da sectorial, na que **participa o Secretario Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Pablo Fernández López**, que informou sobre as liñas de traballo para a economía social que ten previstas o seu departamento. Aproveitando dito encontro as cooperativas asistentes transmitiron as súas demandas á Administración. Participaron 19 cooperativas.



AUDITORÍA SOCIAL



Auditoría Social de EspazoCoop -no marco da Campaña de Reas-

A **Unión de Cooperativas EspazoCoop**, como parte de Reas, elaborou o Informe Anual de **Auditoría e Balance Social** realizado no marco da **Campaña de REAS**, a **rede estatal da economía alternativa e solidaria**.

EspazoCoop rinde contas do impacto social, ambiental e de bo goberno:


fai clic: AUDITORÍA SOCIAL DE ESPAZOLOOP 2023

Tamén pódese acceder ao Informe do Balance Social do conxunto das entidades de REAS [neste enlace](#)



ESTRUTURA SOCIAL E TÉCNICA





CONSELLO REITOR

O consello reitor de EspazoCoop renovouse na asemblea de xuño de 2023:

Presidencia | Abeluria s. coop. galega

Ana Olveira Blanco

Vicepresidencia | Adigna s. coop. galega

Miguel Anxo Filgueira Touriño

Secretaría | Culturactiva s. coop. galega

Nacho Fungueiriño Rey

Vogal | Colexio Possumus s. coop. galega

José Carlos Freire Castroseiros

Vogal | Enérxica s. coop. galega

Pilar Lozano Yáñez

Vogal | Urdime s. coop. galega

María Emilia Candal Bouzas

Vogal | Algalia s. coop. galega

Celso Gándara Carnero

Vogal | Nosa Enerxía s. coop. galega

José Antonio Eiras Vila

Vogal | Alén s. coop. galega

Claudia Rodríguez

EQUIPO TÉCNICO

EspazoCoop ten o seguinte equipo técnico no que incorpora unha persoa á xerencia en 2023:

Directora xerente

Lucía Mendoza Fernández

Área económica e administración

Ángeles Barreiro Vilas

Relacións institucionais

Mar Pernas Márquez

Área atención a cooperativas

Patane García Méndez

Área de atención a cooperativas

Rosa Álvarez Bernárdez

Área de atención a cooperativas

Teresa Balado Barciela

Área de atención a cooperativas

Roberto Andrés SanMartín

Área de atención de cooperativas

Ramón Carmelo Rodríguez Padín

Comunicación e atención a cooperativas

Nuria González Rodríguez

COMUNICACIÓN





A Comunicación en EspazoCoop

A área de comunicación continúa a súa acción guiada polos obxetivos xerais marcados nos plans estratéxico e comunicativo da Unión:

- **Visibilizar o cooperativismo.**
- **Accións de comunicación externa, con institucións e a cidadanía, cun tratamento especial para cooperativas non socias e entidades da economía social e solidaria. Incluindo aos medios de comunicación.**
- **Accións de comunicación coas cooperativas socias, incrementando as relacións, con canles áxiles e efectivas.**
- **Accións de visibilidade e presenza de Espazocoop e as súas asociadas, a nivel público e social.**
- **Accións de promoción dos servizos de Espazocoop.**
- **Transmitir e proxectar mensaxes e unha imaxe positiva e de valor do cooperativismo, a Unión e as socias.**
- **Incrementar seguidoras-es e interaccións en redes sociais e demais vías comunicativas de EspazoCoop.**
- **Aproveitar as novas tecnoloxías para optimizar a comunicación.**
- **Colaborar con outras asociacións, institucións e entidades.**
- **81 impactos en medios de comunicación e 10 millóns de audiencia acumulada**
- **6.383 seguidoras en redes sociais**
- **Web** 120 post | 60.567 vistas - 22.891 lectores | **Boletín** 44 envíos | **Comunicados** 77
- **Facebook** | 131.525 alcance | **Instagram** 53.868 alcance
- **Medios de comunicación 81 impactos**, aparicións ou mencións
- **Seguidoras en redes sociais 6.383** (maio 2024) en facebook - twitter - instagram - vimeo - youtube - linkedin
- **Incremento dun 13%** no nº de seguidoras en redes sociais



Servizo de comunicación institucional

En 2023 continúa o servizo de comunicación e **gabinete de prensa** para cubrir a actividade institucional de EspazoCoop, relativo á acción e axenda que se desenvolveu dende a presidencia e o consello reitor da Unión, na dimensión máis política, representativa e institucional da organización. O servizo estivo realizado pola cooperativa Coma Comunicación.

O traballo feito estivo distribuído en varios ámbitos: gabinete de prensa, comunicación online, redes sociais, e asistencia e acompañamento a actos.

Buscouse fomentar a presenza de EspazoCoop nos medios de comunicación, ademais de reforzar a imaxe do cooperativismo e de EspazoCoop, ademais de aumentar o sentimento de pertenza das cooperativas socias da Unión.


Dentro das tarefas desenvoltas polo gabinete estivo a redacción de contidos e a documentación, realizando notas de prensa e convocatorias para o seu envío a medios locais, autonómicos e estatais, prensa escrita, radios, axencias de novas, televisión e xornais online. Preparáronse 15 notas de prensa e 3 convocatorias, o gabinete estimou ncomo **resultados en 2023**, un total de **81 impactos informativos** e unha **audiencia acumulada de máis de 10 millóns**.

Vídeos

En 2023 elaboráronse 7 vídeos, recursos audiovisuais vinculados a programas, actividades, campañas ou á Asemblea da Unión.

- **Memoria Social 2022**
- **Novas socias 2022**
- **Asemblea xeral ordinaria 2022**
- **Resultados ES Mentoring 2023**
- **Intercooperación II**
- **Hoxe cociñamos emprendemento cooperativo**
- **Acompañando na creacion de cooperativas**





[Os vídeos elaborados en 2023 por EspazoCoop están dispoñibles nas redes sociais, Vimeo e YouTube]



Publicacións: A Intercooperación en 10 claves

EspazoCoop realizou EspazoCoop publica “A Intercooperación en 10 claves” unha pequena guía divulgativa para cooperativas e persoas interesadas que busca pór en valor o principio da intercooperación, unha práctica de funcionamento que distingue o modelo empresarial cooperativo.

A iniciativa fai parte do programa “Itinerario de Intercooperación” de EspazoCoop, programa que contou co apoio da Rede Eusumo da Xunta de Galicia.

Presenta de xeito sinxelo algúns dos principais puntos clave da intercooperación que permitan construír relacións e proxectos de colaboración entre cooperativas e organizacións de economía social. Ademais, aporta experiencias e casos reais con enlaces a vídeos coas protagonistas creados dentro do programa Itinerario de Intercooperación.



EspazoCoop na Prensa

El pazo de Mariñán acogió un seminario en el que participaron medio centenar de entidades

Lo más visto

- Hace 25 años | La roca frena dos aparcamientos recuerdos del 'Whisky Club'
- A Coruña se viste de gala en apoyo a la Fundación Diego Gonzalez Rivas
- Operación Tonara: la investigación que descubrió el mayor alijo de cocaína de Galicia
- Una vivienda de Santa Marta, en Bergondo, entre las más iluminadas del área de A Coruña

La Diputación destacó el volumen de puestos de trabajo que generan las cooperativas. Y lo hizo en el seminario que se celebró ayer en el pazo bergondés de Mariñán bajo el título 'Achégate ás cooperativas cunha ollada experta' organizado por EspazoCoop, en colaboración con el gobierno provincial. La jornada se centró en ahondar en el conocimiento de aspectos de gestión que afectan a las empresas cooperativas, que crecen cada año de manera exponencial en Galicia.

Según fuentes de la entidad provincial, en total participaron representantes de medio centenar de entidades que se familiarizaron con información y conocimientos sobre temáticas laborales, fiscales y de contratación pública responsable.

Compromiso

La Diputada del área de Empleo e Industria, Rosa Ana García, destacó el compromiso de las cooperativas con el territorio y su contribución a la dinamización económica y el empleo. "As cooperativas non se deslocalizan, posto que as persoas

<https://www.idealgallego.com/articulo/area-metropolitana/diputacion-destaca-volumen-empleo-crean-cooperativas-4649072>

A Xunta pon en valor a colaboración con Agaca e EspazoCoop para a consolidación das cooperativas e doutras entidades de economía social en Galicia

Xunta de Galicia | Xunta de Galicia

Tiempo de lectura: 2' 18 jul 2023 - 16:55
Actualizado 17:03

Concello e Espazo Coop, unidos polo emprendemento feminino

INICIATIVA. A xornada "Somos mulleres, somos emprendedoras, somos economía social", iniciativa organizada por EspazoCoop xunto ao Concello de Santiago, no marco de convenio de colaboración que mantéñen ambas entidades para impulsar un ecosistema emprendedor baixo modelos empresariais de economía social, arrancou onte pola mañá. A xornada foi inaugurada pola concelleira de Dereitas e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, María Rozas, e pola presidenta de EspazoCoop, Ana Oliveira. Rozas mostrou convicción de que "outro modelo produtivo é necesario para avanzarmos en

María Rozas, á dereita, e presidenta de EspazoCoop, Ana Oliveira.

TELEXORNAL G24

FORO DE INVESTIGACIÓN XUVENIL. É un encontro intercomunitario para reunir os investigadores do ensino secundario

eco
REVISTA DO EDO GALLEGO

LUNS, 5 DE XUÑO DE 2023

Ana Oliveira, muller líder da economía social polo Ministerio de Trabajo

ESTHER GARRIDO · PUBLICADO O 02 DE XUÑO DE 2023 · (0)

Hoxe tivo lugar un encontro en Madrid das 19 mulleres que compoñen o grupo Mulleres Líderes da Economía Social e alí estivo a **Presidenta de EspazoCoop, a única galega**: "as mulleres galegas teñen unha gran experiencia na economía social cun percorrido de décadas neste modelo económico". O 58% das novas cooperativas españolas de 2022 foron constituídas por mulleres.

Segundo a **Confederación Española de Cooperativas de Trabajo Asociado (Coceta)** o funcionamento baseado na participación democrática e na xestión colectiva, favorece esta realidade algo diferente

<https://ecodigital.com/post.php?id=14005>

EspazoCoop na Prensa

Altas tarifas en geriátricos Banquete de Conxco La intermodal y sus buenas cifras El Compos a por el ascenso

SANTIAGO > ÁREA GALICIA MÁS NOTICIAS CAMINO DE SANTIAGO

Movilización en Santiago contra el "desmantelamiento" de la educación concertada

La Asociación de Centros de Economía Social de Galicia, la Federación de Ensino de USO y el Sindicato Nacional de Ensino Privado de Galicia son los convocantes



EFE

Santiago | 13-05-23 | 14:54



Manifestación bajo el lema 'El entierro de la enseñanza concertada' este sábado en Santiago / XOÁN REY

PUBLICIDAD

Bajo el lema "El entierro de la enseñanza concertada", Santiago ha acogido este sábado una marcha, desde el Monte do Gozo hasta la sede de la Consellería en San Caetano, de protesta por la "inacción" y el "ninguneo" con que los que la

eCorreoGallego

Inicio

25/02/23, 23:06

La Voz de Galicia - Mercados

EMPRESAS | 0
Inicio

El impulso que nos falta a las cooperativas

En tiempos adversos, la economía social ha demostrado una enorme capacidad de resistencia para mantener empleo y fijar población, pero esta actividad, llevada a ser paradigma del cambio, se sigue en Galicia por una ley obsoleta que tiene 25 años

Ana Ullas Martínez

En tiempos adversos, la economía social ha demostrado una enorme capacidad de resistencia para mantener empleo y fijar población, pero esta actividad, llevada a ser paradigma del cambio, se sigue en Galicia por una ley obsoleta que tiene 25 años

En tiempos adversos, la economía social ha demostrado una enorme capacidad de resistencia para mantener empleo y fijar población, pero esta actividad, llevada a ser paradigma del cambio, se sigue en Galicia por una ley obsoleta que tiene 25 años

En tiempos adversos, la economía social ha demostrado una enorme capacidad de resistencia para mantener empleo y fijar población, pero esta actividad, llevada a ser paradigma del cambio, se sigue en Galicia por una ley obsoleta que tiene 25 años

En tiempos adversos, la economía social ha demostrado una enorme capacidad de resistencia para mantener empleo y fijar población, pero esta actividad, llevada a ser paradigma del cambio, se sigue en Galicia por una ley obsoleta que tiene 25 años

En tiempos adversos, la economía social ha demostrado una enorme capacidad de resistencia para mantener empleo y fijar población, pero esta actividad, llevada a ser paradigma del cambio, se sigue en Galicia por una ley obsoleta que tiene 25 años

XUNTA DE GALICIA

A Xunta pon en valor en Culturalgal a relevancia do sector cultural no cooperativismo galego



Xunta de Galicia | Xunta de Galicia

Tiempo de lectura: 1' 03 dic 2023 - 17:32
Actualizado: 17:35

O secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Pablo Fernández, vén de apoiar as cooperativas do eido cultural presentes en Culturalgal, a Feira das Culturas Galegas que clausura hoxe a súa 16ª edición. En concreto, o secretario xeral visitou os postos das distintas entidades que acudiron ao evento, así como o posto colectivo do Consello da Economía Social de Galicia. Posteriormente, mantivo un encontro coas empresas da economía social do sector cultural presentes, e con representantes da Unión de Cooperativas Galegas (EspazoCoop), co gallo de intercambiar propostas e impresións. Nese senso, cómpre sinalar que a de cultura é a máis numerosa das sectoriais de EspazoCoop, mostra da relevancia do sector cultural no cooperativismo de traballo asociado.

14/12/23, 10:04

Aumentan un 53% los mentores en la segunda edición del programa de la X

europa press | Europa Press | Lunes, 4 de diciembre de 2023, 17:35



La conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, ha participado este lunes en el acto de presentación de resultados de la segunda edición del programa de mentorización de la Xunta para la consolidación de la economía social gallega. Una edición en la que, según ha dicho la conselleira, la Red de mentores de la economía social del programa ha aumentado un 53% con respecto a la edición pasada.

La iniciativa, llevada a cabo con la colaboración de la Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca) y de la Unión de Cooperativas Galegas (Espazocoop), cuenta

A BASE SOCIAL: COOPERATIVAS SOCIAS



A CORUÑA

- **3C Calidad y Control**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **3C Maiores**, S. Coop. Galega
Laxe
- **7H Cooperativa Cultural**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **15CERO11, S. Coop. Galega**
A Coruña
- **50 Pés Consultora**, S. Coop. Galega
Ponteceso
- **Abeiro Social**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Abeluria**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **A Charlatana**, S. Coop. Galega
Boiro
- **Afeito**, S. Coop. Galega
Miño
- **A Flor da Vida**, S. Coop. Galega
Bergondo
- **Alén**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Almazen de Yoga**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Apbar**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Arabías**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Arela Saúde**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Arreda**, S. Coop. Galega
Boiro
- **Artigo 14**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **As do Social**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Asitecno**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **A Tobeira**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Avada**, S. Coop. Galega
Curtis
- **Aventeira**, S. Coop. Galega
Fene
- **Azul máis Verde**, S. Coop. Galega
Carnota

COOPERATIVAS SOCIAS

- **Beldade**, S. Coop. Galega
Moeche
- **Berce Patrimonial**, S. Coop. Galega
Arzúa
- **Boaonda**, S. Coop. Galega
Cedeira
- **Caixa Titiripaca**, S. Coop. Galega
Monfero
- **CEM**, S. Coop. Galega
Culleredo
- **Cestola**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Chanzo a Chanzo**, S. Coop. Galega
As Somozas
- **Cidadanía**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Claxes**, S. Coop. Galega
Laxe
- **Clíos Servizos Documentais**, S. Coop. Galega
Camarifñas
- **Cofepa**, S. Coop. Galega
Ferrol
- **Cograf**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Colaxe**, S. Coop. Galega
Laxe
- **Colexio Andaina**, S. Coop. Galega
Culleredo
- **Colexio Ayala**, S. Coop. Galega
Narón
- **Colexio Jorge Juan**, S. Coop. Galega
Fene
- **Colexio Ludy**, S. Coop. Galega
Ferrol
- **Colexio San Rosendo**, S. Coop. Galega
Ferrol
- **Coma Comunicación Creativa**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Comparte Galicia**, S. Coop. Galega
Betanzos

A CORUÑA

- **Comunidade Creativa**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Confeccións Os Muíños**, S. Coop. Galega
Muxía
- **Conservatorio Histórico**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Cuarto de Inverno**, S. Coop. Galega
Arzúa
- **Culturactiva**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Cunde**, S. Coop. Galega
Ames
- **Ditea**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Enérxica**, S. Coop. Galega
Ferrol
- **Enraizando**, S. Coop. Galega
Ribeira
- **Entre Espigas**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Enxame**, S. Coop. Galega
Ares
- **Falar de Mare**, S. Coop. Galega
Arteixo
- **Feitoría Verde**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Flying Fun**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **FP Arquitectura**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Gadaven**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Gálica Consultoría e Formación**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Galicamper**, S. Coop. Galega
Carral
- **Hábitat Social**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Iceberg 360° Marketing Dixital**, S. Coop. Galega
As Pontes de García Rodríguez
- **Illa Bufarda**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Intercedes**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Kracia**, S. Coop. Galega
Boiro

COOPERATIVAS SOCIAS

- **Laboratorio Escénico**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Labrecos**, S. Coop. Galega
Cesuras
- **Leirantas**, S. Coop. Galega
Coirós de Arriba
- **Lenda Educativa**, S. Coop. Galega
Carballo
- **Leónika**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Mada Producións**, S. Coop. Galega
Teo
- **Mala Herba Producións**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Manchea**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Maos Innovación Social**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Marma**, S. Coop. Galega
Miño
- **Mazariñas**, S. Coop. Galega
Laxe
- **Mdemares**, S. Coop. Galega
Cedeira
- **Medatlantia**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Melandrainas Creativas**, S. Coop. Galega
Arteixo
- **Mercado da Terra**, S. Coop. Galega
Ferrol
- **Miraxe**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Moira**, S. Coop. Galega
Padrón
- **Monte Negro**, S. Coop. Galega
Laxe
- **Mulleres Colleiteiras**, S. Coop. Galega
Oleiros
- **Mundo Tecnolóxico**, S. Coop. Galega
Curtis
- **Nakeep**, S. Coop. Galega
Cereda
- **Nave de Lata**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Navia y Deva**, S. Coop. Galega
Sada

A CORUÑA

- **Nova Aseconia**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Nova Works Consulting**, S. Coop. Galega
Corcubión
- **Numax**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Organic Fusion**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Pardiñas**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Pegadas**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Performa**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Pingota Comunicaci3ns**, S. Coop. Galega
Ferrol
- **Praxis**, S. Coop. Galega
Miño
- **Pulponor**, S. Coop. Galega
Muros
- **Que si quero que si tengo**, S. Coop. Galega
Porto do Son
- **Rayados**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Rexenerando**, S. Coop. Galega
Ferrol
- **Ribeirán**, S. Coop. Galega
Bergondo
- **Rostros y M3s**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Sacauntos**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Salgueiriños de Consumo**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Salud y Nutrici3n Integral**, S. Coop. Galega
Culleredo
- **Satega**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Seragro**, S. Coop. Galega
Ames
- **S3tima**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **SID Software**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Simbiosis**, S. Coop. Galega
A Coruña

COOPERATIVAS SOCIAS



- **Sisargas**, S. Coop. Galega
Malpica de Bergantiños
- **Sons da costa**, S. Coop. Galega
Cee
- **Strelia Electrotecnia** S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Tagen Ata**, S. Coop. Galega
Nar3n
- **Triwus**, S. Coop. Galega
Boiro
- **Unidade da Memoria L3mbrate**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Urdime**, S. Coop. Galega
Santiago de Compostela
- **Vacalouras**, S. Coop. Galega
Pontedeume
- **Vanguardia Muebles de Cocina** S. Coop. Galega
Cambre
- **Verso Libre**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Xacias**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Xarda**, S. Coop. Galega
Ames
- **Yamara 3frica**, S. Coop. Galega
A Coruña
- **Zocamiñoca Consumo Consciente**, S. Coop. Galega
A Coruña

LUGO

- **Atoupa**, S. Coop. Galega
Vilalba
- **Bico de grao**, S. Coop. Galega
Lugo
- **Breogainas**, S. Coop. Galega
Trabada
- **Colexio Landro**, S. Coop. Galega
Viveiro
- **Das Aradas**, S. Coop. Galega
Guitiriz
- **Electrotel**, S. Coop. Galega
Burela
- **Fonsasis**, S. Coop. Galega
A Fonsagrada
- **Gabinete Técnico Agropecuario Terra Chá**, S.
Coop. Galega
Vilalba
- **Galicloud**, S. Coop. Galega
Lugo
- **Hemp Galiza**, S. Coop. Galega
Lugo
- **Lento**, S. Coop. Galega
Ribadeo
- **Milhulloa**, S. Coop. Galega
Palas de Rei
- **Outonía**, S. Coop. Galega
Quiroga
- **Ribeira do Navia**, S. Coop. Galega
Negueira de Muñiz
- **Val de Muíños**, S. Coop. Galega
O Saviñao

COOPERATIVAS SOCIAS



OURENSE

- **A Cortiña**, S. Coop. Galega
Castrelo do Val
- **Agalterra**, S. Coop. Galega
Ourense
- **Apoio**, S. Coop. Galega
Verín
- **Bedo Creativos**, S. Coop. Galega
Ourense
- **Colexio Concepción Arenal**, S. Coop. Galega
Ourense
- **Colexio Guillelme Brown**, S. Coop. Galega
Pereiro de Aguiar
- **Colexio Luis Vives Ourense**, S. Coop. Galega
Ourense
- **Colexio Sagrado Corazón**, S. Coop. Galega
Celanova
- **Colexio San Pio X**, S. Coop. Galega
Ourense
- **Colexio Vila do Arenteiro**, S. Coop. Galega
O Carballiño
- **Construcións Meras**, S. Coop. Galega
Allariz
- **Coproden**, S. Coop. Galega
Ourense
- **Daiquí**, S. Coop. Galega
Rairiz de Veiga
- **Equal**, S. Coop. Galega
Coles
- **In Crescendo Colectivo**, S. Coop. Galega
A Rúa
- **Instalacións Antelco**, S. Coop. Galega
Xinzo de Limia
- **Leirar na Leira**, S. Coop. Galega
Pontedeva
- **Limia Xestión**, S. Coop. Galega
Xinzo de Limia
- **Metal Unión**, S. Coop. Galega
Ourense
- **Xeitura Patrimonio Cultural**, S. Coop. Galega
Allariz
- **Xeracción**, S. Coop. Galega
Ourense

COOPERATIVAS SOCIAS



- **Xesta Brava**, S. Coop. Galega
Ramirás
- **Xiama**, S. Coop. Galega
Xinzo de Limia

PONTEVEDRA

- **13 Grados**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Acorda Solucion**a, S. Coop. Galega
Vigo
- **ACR Asesoría-Consultoría**, S. Coop. Galega
Vigo
- **A Disonante Cultural**, S. Coop. Galega
Vigo
- **A Factoría Atelier**, S. Coop. Galega
O Grove
- **A Feroz**, S. Coop. Galega
Pontevedra
- **Ailuro Cat Café**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Alalá**, S. Coop. Galega
A Guarda
- **Alcrique**, S. Coop. Galega
Pontevedra
- **Aldea Integral**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Algalia Consultora**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Amarelas**, S. Coop. Galega
Silleda
- **A Milpa do Salnés**, S. Coop. Galega
Meaño
- **A Morada Nosa**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Anacos de Vidro**, S. Coop. Galega
Ribadumia
- **Ancoradoiro**, S. Coop. Galega
Meaño
- **A Panadaría**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Árbore Arqueoloxía**, S. Coop. Galega
Campo Lameiro
- **Árbore Consumo Consciente**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Ardora**, S. Coop. Galega
Nigrán
- **A Talangreira do Beque**, S. Coop. Galega
Moaña
- **Autologic**, S. Coop. Galega
Gondomar
- **Baríssimo**, S. Coop. Galega
Arcade

COOPERATIVAS SOCIAS

- **Buenos Muchachos**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Cal3 Fotografía**, S. Coop. Galega
Redondela
- **Camiño Circular**, S. Coop. Galega
A Estrada
- **Catro Ventos Editora**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Centrovvet**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Cerne**, S. Coop. Galega
Tomiño
- **Cerquiño**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Colexio Abrente – Adigna**, S. Coop. Galega
Sanxenxo
- **Colexio Alborada** - Claimo, S. Coop. Galega
Vigo
- **Colexio Anxel da Guarda** - La Medoña, S. Coop.
Galega
Nigrán
- **Colexio Atlántida**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Colexio Bouza Brey**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Colexio Eduardo Pondal**, S. Coop. Galega
Cangas
- **Colexio Mendiño**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Colexio Possumus**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Colexio San José**, S. Coop. Galega
Pontevedra
- **Colexio Santiago Apóstol**, S. Coop. Galega
Soutomaior
- **Colexio Santo Tomás**, S. Coop. Galega
O Porriño
- **Cotrasvi**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Cru Producións**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Cuarto de Inverno**, S. Coop. Galega
Pontecesures
- **Cuarzo Verde**, S. Coop. Galega
Vigo

PONTEVEDRA

- **Dalle que Dalle**, S. Coop. Galega
Vilagarcía de Arousa
- **Donde Viven los Cuentos**, S. Coop. Galega
Nigrán
- **Educalecrín**, S. Coop. Galega
Lalín
- **Esmuvigo**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Espaço Vivo**, S. Coop. Galega
Redondela
- **Estudio Inmobiliario Vigo 85**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Fillas da Terra**, S. Coop. Galega
Moaña
- **Fillotiñas**, S. Coop. Galega
Redondela
- **Fit Sport**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Flores Vivas**, S. Coop. Galega
Tomiño
- **Fylsem Asesores**, S. Coop. Galega
O Porriño
- **Galtecma**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Geomático**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Gyleven**, S. Coop. Galega
Mos
- **Idearia**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Invekia**, S. Coop. Galega
Gondomar
- **Intergal**, S. Coop. Galega
Gondomar
- **Interpyme**, S. Coop. Galega
Cangas
- **La Yapa**, S. Coop. Galega
Tomiño
- **Luna de Brigantia**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Maga de Voz**, S. Coop. Galega
A Guarda
- **Magia en la Manga**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Maier Ferroplast**, S. Coop. Galega
O Porriño

COOPERATIVAS SOCIAS

- **Mareira Bizi**, S. Coop. Galega
Portas
- **Mars Mantemento**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Metrópolis Dixital**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Micelio Terapias ó Natural**, S. Coop. Galega
Mondariz
- **MilRamas**, S. Coop. Galega
Gondomar
- **Miudiño**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Mototero**, S. Coop. Galega
A Guarda
- **Navigation Electronics Galicia**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Nosa enerxía**, S. Coop. Galega
Vilagarcía de Arousa
- **Noso**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Nova casa Atlántida**, S. Coop. Galega
Redondela
- **Nytia**, S. Coop. Galega
A Cañiza
- **O Alcove da Moura**, S. Coop. Galega
A Guarda
- **O Cable Inglés**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Outrora**, S. Coop. Galega
A Guarda
- **Profit Asesores**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Proyectos y Obras Chamomar**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Recreo Marketing**, S. Coop. Galega
Vilagarcía de Arousa
- **San Martín de Moreira**, S. Coop. Galega
Ponteareas
- **Sanarc**, S. Coop. Galega
Barro
- **Seteoitavas**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Skeirrum**, S. Coop. Galega
A Guarda
- **Somos Terra**, S. Coop. Galega
Nigrán

PONTEVEDRA

- **Suseia**, S. Coop. Galega
Redondela
- **Symbiose Xestión Natural**, S. Coop. Galega
A Lama
- **Teima Labrega**, S. Coop. Galega
Lalín
- **Teixugo**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Uf Negra Sombra**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Xardinería Talo**, S. Coop. Galega
Vigo
- **Xedega**, S. Coop. Galega
Vigo

COOPERATIVAS SOCIAS



AGRADECIMENTOS



AGRADECEMENTOS

Agradecer a todas as entidades e institucións que financiaron á Unión de Cooperativas durante o ano 2023. O labor de representación, acompañamento e promoción de cooperativas non sería posible sen o seu apoio financeiro e a súa colaboración.



Cofinanciado por
la Unión Europea



Agradecer a todas as cooperativas que confían en EspazoCoop e que son a razón de ser da Unión de Cooperativas. Tamén ao equipo técnico polo traballo realizado en 2023, ao equipo directivo do Consello Reitor polo seu labor durante o pasado ano, e a todas as persoas que acompañaron a EspazoCoop.

UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

www.espazo.coop | info@espazo.coop

A Coruña

Praza do Papagaio s/n
(Centro de Empresas Accede Papagaio)
15002 A Coruña
697 877 773

Santiago de Compostela

Hórreo 104. Baixo esquerda
15701 Santiago de Compostela
+ 34 981 57 55 78

Vigo

Marqués de Valladares 14-2º. Oficina 4-5
36201 Vigo
+ 34 986 86 61 49

